



### **FÁTIMA BRAÑA REY**

Patroa do Museo do Pobo Galego que se doutorou con mención europea no programa de Antropoloxía aplicada da Universidade de Santiago de Compostela. Traballa como profesora da área de Antropoloxía Social da Universidade de Vigo.

Como especialista en “patrimonio e sociedade” e en “organizacións non lucrativas” participou en diferentes proxectos en museos etnográficos galegos e ten colaborado con em-

presas de xestión patrimonial, así como con diferentes organizacións non lucrativas.

As súas publicacións están relacionadas co ámbito da antropoloxía aplicada e o patrimonio cultural, así como coa educación e colectivos en risco de exclusión.

Na actualidade a súa área de investigación continúa centrada no estudo do patrimonio cultural ampliando aos patrimonios naturais e a súa protección como as termas e os montes.

# O Museo do Pobo Galego,



museo  
integral  
e sintetizador

Fátima Braña Rey  
Universidade de Vigo

## Introdución

O Museo do Pobo Galego colabora con diferentes institucións da Cultura galega. A súa andaina durante os últimos 40 anos é unha síntese das variadas pegadas dos grupos que traballan pola cultura galega. Ten colaborado con asociacións culturais, veciñais, da terceira idade, cos concellos, coas deputacións provinciais, por suposto coa Xunta de Galicia, o Consello de Cultura Galega, con diferentes iniciativas museais, xa foran públicas ou privadas, con agrupacións folclóricas, con asociacións científicas e artísticas, etc. Todas as persoas e grupos que gozan e traballan a prol de Galicia foron e son benvidos no Museo do Pobo. Así, en 40 anos este museo converteuse nun referente para Galicia, para os museos galegos e especialmente para os museos etnográficos ou etnolóxicos. Todo o traballo desenvolvido débese a unha base de colaboración que permitiu pasar dunha asociación voluntaria a unha institución que combina a vontade co traballo remunerado de profesionais. Uns e outros formaron redes de apoio e traballo que fixo posible 40 anos de conservación e difusión do patrimonio cultural galego.

O obxecto destas páxinas é comprender a importancia do Museo do Pobo como centro aglutinador de experiencias á vangarda da museoloxía en Galicia. O Museo do Pobo, desde os seus inicios no ano 1976, declárase herdeiro da tradición do Seminario de Estudos Galegos formado no comezo do século XX, pero tamén é de interese coñecer algúns dos eixos do decurso dos museos durante o pasado século xa que ten unha fonda pegada no trazo característico do museo como centro integrador.

## Mudando o foco: dos obxectos aos axentes

A través da historiografía museográfica aprécianse cambios que van desde o museo como contedor de obxectos cara concepcións que priman o seu papel social (Zunzunegui, 1990; León, 1995). A preocupación pola recollida e conservación dos obxectos foi abrindo paso á función comunicativa do museo, á apertura cara a diversificación dos públicos. O cambio vén resaltar a importancia do suxeito fronte ao obxecto. Mais, por outra banda, as “testemuñas materiais” ou os “bens patrimoniais”<sup>1</sup> seguen a ser o eixo que articula as funcións dos museos.

1. O primeiro concepto fai referencia á definición de Museo que proporcionan os estatutos do ICOM aprobados na 22ª Asemblea xeral en Viena (Austria) o 24 de agosto de 2007, o segundo á Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

O museo contemporáneo consolídase, a nivel internacional, a mediados do século XX; as funcións sociais que desenvolve un museo convértese, en última instancia, na base da súa definición como institución e como organización<sup>2</sup>. As funcións de difusión, exhibición, educación e promoción científica e cultural levan implícita a mesma tarefa: comunicar; e así, a través da difusión dos fondos e da ordenación en conxuntos coherentes de significación, o museo cumpre co seu labor social ao poñer ao alcance da comunidade o patrimonio que ela mesma xerou.

O museo recolle patrimonio cultural pero tamén selecciona e ordénao. Neste senso, o museo pódese ver como un discurso xa que nos obxectos que recolle e que previamente foron patrimonializados xa está implícito un texto que revela certos valores. Pola súa parte, nas definicións instrumentais, e de acordo coa importancia dada aos públicos, a educación e difusión do patrimonio son funcións necesarias dos museos. E así, do mesmo xeito en que se utiliza o patrimonio cultural como foco de adhesión para versións identitarias de tipo étnico ou nacional, tamén entran nos discursos patrimoniais versións de identidades sexo/xenéricas ou de clase (Braña, Mariño e Mouriño, 1999; Braña Rey, 2003). Xa a finais do século XX os museos enténdense como institucións que contribúen á expresión das comunidades, e que neles custódianse, elementos que definen a relación da comunidade co territorio (Duclos, 2003); e así asistimos, a outro cambio, esta vez o cambio do foco despraza a atención do suxeito ao axente, é dicir, cambiamos a participación pasiva ante uns discursos mediados pola implicación dos públicos na acción e formulación de relatos nos museos. A comunidade xa non é quen recibe un discurso mediado senón quen participa nesa interpretación e selección dos elementos patrimoniais.

Seguindo a liña evolutiva comentada podemos traballar na análise dos museos desde a posición que ocupan obxectos patrimoniais, suxeitos representados e axentes de presentación. Os cambios anotados son comúns aos distintos tipos de museos pero, para entender máis sobre o contexto de desenvolvemento do Museo do Pobo en relación cos museos galegos, é

preciso atender á especificidade das categorías nas que se agrupan estas institucións e pararnos nos museos de carácter antropolóxico.

As categorías museísticas de acordo ás áreas científico-académicas<sup>3</sup> son produto da diversificación das áreas de coñecemento que se veñen producindo desde o século XVIII (Prats, 2007; Sierra Rodríguez, 2013). O patrimonio histórico, artístico e arqueolóxico, este último en menor medida, teñen unha traxectoria profesional máis arraigada, mentres que o etnográfico queda como caixón de xastre no que cabe o que está adxectivado como tradicional, popular, como o reflexo do popular, ou expresións de identidade colectiva (Sierra Rodríguez, 2013). Así, patrimonio etnográfico, como categoría inserida no patrimonio cultural, preséntase coma aquela que inclúe os elementos que mostran a expresión da tradición, da memoria dun pobo, en referencia ás permanencias máis que á innovación. Seguindo esta perspectiva, os museos etnográficos entenderanse como institucións que estudan, conservan e difunden a memoria do pobo, na medida en que unha das súas funcións é a conservación do patrimonio que se vincula coas clases baixas, o presente etnográfico e a tradición. Os museos etnográficos, como institucións de custodia, divulgación e educación, convértese así en entidades privilexiadas na recreación de discursos con contidos identitarios.

Como xa se indicou, as mensaxes que as institucións museais elaboran, maioritariamente, transcenden, na súa capacidade de impacto, as paredes dos museos. Son mensaxes non exclusivamente de coñecemento formal. É dicir, nos museos non só aparecen discursos con contidos que fan referencia ás disciplinas académicas ou aos saberes científicos, tendencias artísticas, etc.; tamén aparecen significados implícitos que relacionan as temáticas discursivas con valores e ideoloxías (Prats, 1997). Máis concretamente, nos museos de etnografía clásicos nos que aparecen os arados, o carro, os apeiros de liño, etc., non só se establece un discurso sobre os procesos de traballo no campo ou co liño, senón que se entende que tales procesos son tradicionais, vinculados a un territorio e pertencen ao dominio temático

2. "Adquiere, conserva, estudia, expone y difunde el patrimonio material e inmaterial". (Ídem).

3. Non é pouco importante atender á indivisibilidade do patrimonio cultural e subliñar que a súa fragmentación en función de ámbitos académicos cumpre unha función práctica pero non teórica (Prats, 1997).

da disciplina etnográfica. Polo tanto, nos museos etnográficos non só se nos mostran instrumentos vellos e relacionados coa nosa tradición, senón que se reproducen modelos do que é tradicional, do que é a etnografía, do que é popular, do que é galego, limiao, miñoto...

Deste xeito os museos etnolóxicos aparecen como institucións privilexiadas á hora de fraguar o nexo entre o obxecto, os valores que representa e os grupos que fan parte desa representación.

### **De museos, de etnoloxía e de como a norma os regula**

O ámbito etnográfico dos museos na lexislación autonómica queda recollido na *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia* que vén substituír a *Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia*.

En canto á definición de Museo, a Lei 5/2016 no título VIII sinala que “son institucións de carácter permanente, abertas ao público e sen finalidade de lucro, orientadas á promoción e ao desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, por medio da recollida, adquisición, inventario, catalogación, conservación, investigación, difusión e exhibición, de forma científica, estética e didáctica, de conxuntos e coleccións de bens patrimoniais de carácter cultural que constitúen testemuños das actividades do ser humano ou do seu ámbito natural, con fins de estudo, educación, desfrute e promoción científica e cultural.” (Art. 111.1). Como ben sabemos esta definición concorda coas que recolle, ao mesmo fin, o Consello Internacional de Museos (ICOM).

En canto á especialización ou categorización patrimonial no ámbito que compete ao Museo do Pobo Galego, vemos que na Lei 5/2016 múdase a denominación de patrimonio etnográfico por patrimonio etnolóxico. Así, no título VIII dedicado aos bens



MPG: sala do tecido

de patrimonio cultural específicos, sinala no capítulo III, que “integran o patrimonio etnolóxico de Galicia os lugares, bens mobles ou inmobles, as expresións, así como as crenzas, coñecementos, actividades e técnicas transmitidas por tradición, que se consideren relevantes ou expresión testemuñal significativa da identidade, a cultura e as formas de vida do pobo galego ao longo da historia.” (art.91). Deste xeito a norma legal elimina, no ámbito dos museos, o campo do patrimonio etnográfico para pasar á denominación etnolóxico que alude tamén a unha práctica científica que implica a comparación de fenómenos tanto diacrónica como sincronicamente, na contra da denominación etnográfica que se refire á descrición nun espazo e tempo determinados. Ademais, se inclúe no ámbito etnolóxico o moble, inmobile e inmaterial. Neste sentido os museos de etnoloxía serían aqueles que conservan, investigan e difunden a cultura popular ga-

lega, é dicir, lugares de auto-recoñecemento, e ao mesmo tempo, tamén son espazos para entender aos outros.

Na mesma categoría, o texto legal, indica os diferentes elementos con “presumible valor etnolóxico”; estes elementos son exclusivamente de carácter inmobiliario como os hórreos, as ferrarías e os recintos de feiras. Na nosa interpretación quereríamos pensar que o paso do etnográfico ao etnolóxico ía supoñer unha maior consideración aos axentes e non tanto obxectos ou procesos *per se*<sup>4</sup>; mais vendo que a presunción do valor etnolóxico vén da man do *status quo* polo cal séguese a primar o interese polo ámbito monumental fronte ao socio-cultural, as nosas expectativas vense frustradas e, así, pese a que a nova norma incide nos valores da inmaterialidade, a fragmentación clásica á que recorre non indica senón desatender ás persoas que están detrás dos artefactos, e salientar o ámbito monumental fronte á cotidianeidade e o ordinario propias do común.

En canto á coordinación dos centros por parte da Comunidade Autónoma de forma normativa existe a Rede de museos galegos e o Sistema galego de museos. Todos os museos recoñecidos como tal, polo goberno autonómico, sitos na Comunidade Autónoma forman parte do Sistema galego de museos que se define como a trama organizativa. Pola súa banda, a rede refírese aos mesmos museos e as súas inter-conexións. (Art. 114). Ambas figuras permiten a coordinación entre os centros recoñecidos e a xestión de formas de rexistro e custodia do patrimonio cultural moble galego. Pola súa parte, no *Decreto 314/1986, do 16 de Outubro, polo que se regula o sistema público de museos da Comunidade autónoma*, establece dúas categorías de museos: os museos propios e museos concertados (art. 3), e ambos poden formar parte da rede galega de Museos. A titularidade dos primeiros correspóndelle á Comunidade autónoma, e no segundo caso a pertenza ao Sistema galego de museos sería posible independentemente da titularidade e baixo a forma dun convenio entre titulares dos museos e Comunidade Autónoma.

## O Museo do Pobo Galego como centro sintetizador

O Museo do Pobo Galego recolle a vocación holísta do Seminario de Estudos Galegos, é dicir, constitúese coa vocación de agromar anteriores e diferentes iniciativas sobre o patrimonio galego e, desde a colaboración, investigar e recoller nunha mesma institución as diferentes manifestacións culturais. Ademais é un museo que naceu, como se ten dito en moitas ocasións, por iniciativa da sociedade civil para representar o pobo de Galicia.

“El 29 de octubre de 1977 se inauguró en el antiguo convento de Santo Domingo de Bonaval, en Santiago de Compostela, el Museo do Pobo Galego, que venía a hacer realidad las ideas y afanes que desde el siglo pasado habían mantenido destacadas personalidades gallegas de tener una institución que recogiese las distintas muestras de la cultura tradicional de este pueblo.” (Fernández Cerviño e Lema Bouzas, 1997).

Como se aprecia na cita seleccionada, desde o mesmo berce, o Museo do Pobo ten clara a vocación de compilador de manifestacións culturais en Galicia. Esta cerna permite coñecer que o Museo do Pobo parte dun ideario identitario no que prima recoller, investigar e mostrar as diversas manifestacións da cultura galega, pero tamén converterse nun referente para actividade cultural galega (Braña Rey, 2008).

Como dixemos no comezo a inclinación integradora do Museo do Pobo maniféstase en dous sentidos: por unha banda na faciana asociativa na que se abre a diferentes colectivos e persoas; e por outra, no ámbito da museoloxía na que o Museo do Pobo foi a materialización de experiencias anteriores procurando recoller diversos tipos de representacións culturais galegas e, ao tempo abarcando as diversidades nos públicos e as súas necesidades.

No ámbito museístico, o ideario representacional e sincrético do museo ten a súa expresión normativa no *Decreto 111/1993 de 22 de maio polo que se recoñece ao Museo do Pobo Galego como centro sin-*

4. Cabe subliñar como a denominación etnográfica vén sendo utilizada en relación a obxectos relacionados coa cultura popular, máis no ámbito da disciplina antropolóxica referímonos á etnografía con dous significados: como unha metodoloxía específica de investigación social, e, ao tempo, como o resultado do proceso de levar ao cabo esa metodoloxía. (Hammersley e Atkinson, 1994; Goetz e Le Comp, 1988; Díaz de Rada e Velasco Maíllo, 2007).

*sintetizador dos museos e coleccións antropolóxicas de Galicia.*

Este decreto subliña que dentro das funcións da Comunidade Autónoma para mellorar a xestión e o cumprimento das finalidades dos museos galegos, é conveniente que se estableza un “único centro que actúe como cabeceira simbólica de tódolos museos e coleccións, públicos e privados, integrados no sistema, cos obxectivos de conservación, estudo e difusión de todo o patrimonio antropolóxico e histórico de Galicia.” (DOG, 1993: 3543).

A escolla do Museo do Pobo para estas tarefas, xustifícase no Decreto 111/1993 en función de tres eixos: pola experiencia no traballo co patrimonio cultural, polo seu ideario de representación e inclusivo da sociedade e cultura galegas, e tamén pola súa intención de agrupar diferentes persoas e corporacións. Revisaremos a continuación como, desde estes postulados, pódese analizar este texto normativo como unha tradución do percorrido de consolidación dunha nova forma de facer museoloxía en Galicia.

No relativo á experiencia e bo facer da xestión patrimonial do museo no Decreto 111/1993, indícase a traxectoria como centro museístico no que se teñen realizado exposicións, actividades científicas, investigación, publicacións e labores de divulgación cultural. Tamén salientase a recuperación do Convento de San Domingos de Bonaval e do patrimonio etnográfico. Este eixo de motivos para a declaración de centro sintetizador céntrase no obxecto, no ámbito puramente patrimonial no que se subliña o destacado papel do Museo do Pobo Galego como institución que recolle os elementos patrimoniais xa activados, unha institución de custodia e conservación, pero tamén de difusión.

En relación co segundo grupo de razóns, no Decreto salientase que o Museo do Pobo Galego é unha insti-



*Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense*

tución cultural sen ánimo de lucro que estuda, difunde, conserva defende e promociona a cultura galega e a “súa normalización de cara á sociedade” e, desde a nosa opinión, destácase o feito de que o museo se ocupa da realidade e dos problemas da sociedade galega, así como da “necesaria identificación dos galegos coa súa personalidade colectiva”. Así recoñecese de forma legal o proceso representativo do museo e a súa achega ás versións identitarias, é dicir, a validación dos galegos como suxeitos da representación patrimonial e o Museo do Pobo como seu espazo.

Finalmente, o terceiro conxunto de inspiracións que xustifica a selección do Museo do Pobo para ser centro sintetizador, enmárcase na súa caracte-



*Palloza - Museo "Casa do Sesto" (Piornedo - Cervantes) (Foto: X. R. Marín)*

rística de ser unha institución plural que aglutina a persoas de diferentes ámbitos de coñecemento, intereses e tamén a diferentes institucións. Na tríade (obxecto - suxeito - axente) que establecemos no apartado anterior, este eixo respondería ao recoñecemento do museo como un grupo diverso de persoas e, tamén se admite que este grupo é quen de crear, e non só de recrear, os valores implícitos no patrimonio cultural incluíndo as versións identitarias. Parécenos interesante salienta este aspecto pois, a formulación coordinada de vontades e o interese do museo por integrar obxectos, suxeitos e axentes, implica recoñecer que o Museo do Pobo foi desenvolvéndose desde a vangarda das institucións museais e sociais.

Ademais destes tres eixos que xustifican a elección do Museo do Pobo Galego como centro sintetizador, debemos contextualizar os problemas de xestión que dan pé a unha norma que ten por obxecto o recoñe-

mento simbólico, pero tamén práctico dunha rede de institucións museais. Así, en canto ás necesidades de xestión que se argúen no Decreto para instaurar un centro sintetizador dos museos con contidos antropolóxicos e históricos, indícase a crecente demanda social de "recuperación, estudo e conservación do patrimonio antropolóxico e histórico" de Galicia (Decreto 111/1993). Para dar saída a esta demanda -na que é obvio que o museo tivo e ten un papel destacado na realización das súas funcións-, o goberno autonómico indica que o Museo do Pobo pode ser considerado como esa cabeceira espiritual e simbólica da rede de museos antropolóxicos de Galicia.

Queda pois, atender a ese incremento de sensibilidade cara a conservación do patrimonio moble galego, e comprobar como se deu a evolución dos museos que a Xunta de Galicia foi recoñecendo con carácter etnográfico e valorar ata que punto era unha necesidade contar cun centro de referencia. Buscamos entón os

distintos repositorios (López Redondo, 1993; Xunta de Galicia, 2007, Servizo galego de museos, 2017) de museos con coleccións etnográficas en Galicia e buscamos a súa data de inauguración, ou no seu defecto a data en que foron recoñecidos pola Xunta de Galicia. O resultado desta procura documental se reflicte na Táboa 1 na que se pode advertir como antes de 1976, ano no que se pon en marcha o Padroado do

Museo do Pobo Galego, so existían cinco museos con coleccións etnográficas.

Os museos provinciais de Lugo e Pontevedra son os máis antigos da listaxe e quizais por isto teñen este carácter xeral que os fixo merecedores de estar na categoría de museos con fondos etnográficos da Xunta de Galicia.

**Táboa 1. Listado de museos etnográficos, etnolóxicos ou con coleccións destas tipoloxías**

Denominación	Ano	Localidade - Municipio. Provincia
Museo Provincial de Pontevedra	1927	Pontevedra
Museo Provincial de Lugo	1932	Lugo
Museo de Artes e Costumes de Ribadavia	1969	Ribadavia. Ourense
Museo etnográfico do Cebreiro	1970	Pedrafita do Cebreiro. Lugo
Museo etnográfico Olimpio Liste	1972	Oseira – Cea. Ourense
Museo do Pobo Galego	1976	Santiago Compostela. A Coruña
Colección etnográfica Colexio público “Mosteiro de Caaveiro”	1981	As Neves – Capela. A Coruña
Museo da Terra de Melide	1982	Melide. A Coruña
Museo das Mariñas	1983	Betanzos. A Coruña
Museo Etnográfico San Paio de Narla	1983	Narla – Friol. Lugo
Museo Comarcal Fonsagrada	1984	A Fonsagrada. Lugo
Museo Municipal Pontearreas	1985	Pontearreas. Pontevedra
Museo Parroquial Monterroso	1989	Monterroso. Lugo
Palloza Casa do Sesto	1989	Piornedo – Cervantes. Lugo
Museo Etnográfico da Limia	1991	Vilar de Santos. Ourense
Parque Etnográfico do Río Arnoia	1992	Allariz. Ourense
Museo etnográfico Sotelo Blanco	1993	Santiago de Compostela. A Coruña
Museo Massó	1994	Bueu. Pontevedra
Museo Galego do Xoguete	1995	Allariz. Ourense
Colección Casa do Patrón	1996	Codesedo – Lalín. Pontevedra
Museo Liste	1999	Vigo. Pontevedra
Colección Visitable Museo Marítimo ‘Seno de Corcubión’	2000	Corcubión. A Coruña
Centro Etnográfico de Terra de Montes (Cetmo)	2001	Forcarei. Pontevedra
Museo Etnográfico e do Viño de Cambados	2001	Cambados. Pontevedra
Museo Naval de Ferrol	2008	Ferrol. A Coruña
Pazo de Arxeriz	2008	Saviñao. Lugo

Tamén son anteriores o Museo de Artes e Costumes de Ribadavia, denominado desde 1993 como Museo Etnolóxico, así como o Museo etnográfico do Cebreiro, mais fundáronse no ámbito documental por decreto<sup>5</sup> e durante unha longa temporada só existiron no papel. O primeiro abriu en 1989 como sec-

ción do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense ata o citado cambio de denominación; o segundo tivo forma no papel pero sen unha dedicación permanente ata ben entrada a década dos anos 90 na que a revitalización do Camiño de Santiago fixo patente a necesaria reconfiguración da pequena exposición.

5. Decreto 2124/1969, de 16 de agosto, por el que se crea un Museo de Arte y Costumbre, Populares en Ribadavia (Ourense). Decreto 2122/1969, de 16 de agosto, por el que se crea un Museo de Artes Costumbres Populares en El Cebreiro (Lugo).





*Museo Etnolóxico  
de Ribadavia*

Por tanto, como museo independente e dedicado ao ámbito etnográfico antes do Museo do Pobo Galego só existía a colección privada de Olimpio Liste exposta nun comezo en dependencias do mosteiro de Oseira.

Unha data relevante á hora de expoñer a converxencia de museos etnográficos en Galicia é o ano 1993, no que se observa a posta en marcha da rede de museos galegos a partir das *Normas de inventario* editadas ese mesmo ano que inclúen un primeiro recopilatorio de todos os museos recoñecidos como tal pola Xunta de Galicia (López Redondo, 1993). Unha rede que destacaba por poñer en marcha os inventarios normalizados primeiro en papel e logo dixitais de todos os museos inscritos. Sen dúbida un grande avance para coñecer os museos galegos e os fondos que custodian. Vemos na táboa 1 como a partir de 1976 aparecen un total de vinte museos con fondos etnográficos e, observamos tamén unha concentración ao redor do ano 1993.


Por outra banda, resulta de interese verificar que o Decreto 111/1993 é a única regulación específica e en vigor para un museo que non é de titularidade e xestión pública da Comunidade autónoma.

A parte do Decreto 111/1993 e a vocación integradora do Museo do Pobo tamén ten a súa importancia na agrupación de museos de carácter asociativo e non

tanto no ámbito da xestión pública. Así temos que salientar a vinculación do Museo do Pobo Galego na configuración do Consello galego de Museos. A misión do Consello galego de Museos é a coordinación e colaboración entre museos para formular e tentar solucionar problemas e retos comúns; para iso unha das súas actividades é a organización dos coloquios galegos de museos; un tempo de encontro e especialización, mais tamén de formación. Desde o primeiro Coloquio galego de museos o Museo do Pobo tivo un papel destacado. Despois, cando en 1990 se crea a asociación Consello galego de museos, establececese a súa sé no mesmo Museo do Pobo. Na actualidade o Consello agrupa trinta e seis museos e coleccións.

#### **A necesidade de coordinación. Coleccións e museos en Ourense**

Nos apartados anteriores móstrase que nas últimas décadas do século XX aumentaron o número de museos e coleccións; ao tempo a demanda de lugares de ocio e a democratización das actividades culturais fixo necesario que os museos puxeran en marcha estratexias para a atracción de novas audiencias e estas pasaran a converterse en axentes no proceso museal. Imos ver o caso da provincia de Ourense co fin de entender o panorama dos museos etnolóxicos.



*Museo Etnográfico “Olimpio Liste”, Oseira: o vesadoiro*

**Táboa 2. Museos etnolóxicos de Ourense do Sistema galego de museos**

Denominación	Ano	Concello. Provincia
Museo etnográfico Olimpio Liste	1972	Cea. Ourense
Museo Etnolóxico	1993	Ribadavia. Ourense
Museo Etnográfico da Limia	1991	Vilar de Santos. Ourense
Parque Etnográfico do Río Arnoia	1992	Allariz. Ourense
Museo Galego do Xoguete	1995	Allariz. Ourense

En Ourense na actualidade so hai cinco museos que pertencen ao Sistema galego de Museos, tres deles están na vila de Allariz, outro no concello de Vilar de Santos e finalmente o Museo de Ribadavia e o museo de Cea. Tanto os de Allariz como os de Vilar de Santos recibiron axuda e asesoramento do Museo do Pobo ou de parte dos seus patróns. O Museo de Ribadavia é un museo de titularidade pública e tamén ten constante trato co Museo do Pobo Galego, pola súa parte o Museo Olimpio Liste, anterior ao Museo do Pobo tamén ten e tivo unha relación estreita co Museo do Pobo. Todo isto foi posible porque o Museo do Pobo é unha empresa colexiada na que as persoas, moitas delas profesionais do ámbito patrimonial e museístico, están implicadas. Desta forma o museo é en si unha rede de contactos e información que fai posible a súa vocación integradora e holista. Tamén a Fundación Olimpio Liste e os concellos de Allariz e Vilar de Santos fan un grande esforzo por manter os museos e estar ao día nas funcións de conservación, investigación e difusión, mais moitas outras iniciativas non acadan o mesmo éxito.

Por outra banda, o interese xeral polo patrimonio cultural das administracións e particulares faise explícito se consultamos outras fontes para buscar coleccións patrimoniais en Galicia. Así, fóra das bases de datos publicadas, atopamos outras iniciativas museísticas que non teñen moita difusión nin continuidade e que non están inscritas dentro do Sistema galego de museos como son, no caso de Ourense: o Museo do liño de Manzaneda, o Museo da Escola e da Infancia de Trives, o Museo de Olería de Niñodaguía, o Centro da Identidade de Chandrexa de Queixa, a Casa do Viño da Teixeira, o Muíño do Anxo do Carballiño, o Museo Arqueolóxico e Etnográfico de Castro Caldelas, o Museo dos Devanceiros en Os Milagres en Baños de Molgas, Museo etnográfico de Castrelo do Val, Museo do traxe tradicional de Santa Cruz de Arrabaldo, Museo etnográfico de Vilariño de Conso, Museo Moncho Borrajo, Museo Municipal de Entrimo, Museo etnográfico da Veiga, Museo da Moda de Allariz, Museo Internacional das Cornamusas de Ourense e finalmente o Museo galego do Entroido en Xinzo da Limia. Salvo raras excepcións estes mu-

seos formáronse con fondos públicos, algúns deles de acordo aos plans Leader de diferentes comarcas, outros son a expresión de coleccións privadas. En xeral, podemos dicir que moitas destas iniciativas teñen pouco percorrido e unha grande precariedade de recursos polo que é complexo que atendan as funcións estipuladas na normativa legal para os museos se non acordan en colaboracións e apoios con outros museos e institucións.

### Concluindo

Pódese apreciar que o Museo do Pobo Galego é un centro integrador de carácter holista que desde os seus inicios mantense na vangarda da participación e da representación do patrimonio galego a partir do ideario da colaboración.

Comprobouse como a proliferación de museos etnolóxicos foi importante na transición ao segundo milenio pero tamén asistimos á proliferación de centros non recoñecidos e non inseridos na rede de museos galega como se puido comprobar a partir do exemplo da provincia de Ourense.

Finalmente, unha breve descrición do panorama de museos da provincia de Ourense, leva a entender que hoxe aínda ten máis sentido o Decreto 111/1993 e dotalo dos recursos necesarios para que sexa efectivo. Primeiro porque a nova norma relega o trinomio de experiencia desde os axentes (obxecto-suxeito-axente) para volver á centralidade dos obxectos, e segundo porque o aumento de coleccións e museos foi grande dentro do Sistema de Museos pero aínda máis fóra del. Estes centros, que se manteñen en situacións precarias e son pouco coñecidos, precisan de orientación e dun centro sintetizador forte e dotado de maiores recursos que os que ata agora se brindou ao Museo do Pobo. Un maior apoio cara ao Museo do Pobo, axudaría a que estes centros conten co apoio preciso para desenvolverse e poder formar parte das estruturas administrativas que regulan aos museos recoñecidos pola Xunta de Galicia.

### Referencias bibliográficas

- BRAÑA REY, F. (2008). *O Museo do Pobo Galego: contedor de valores*. Santiago de Compostela: Fundación Antonio Fraguas Fraguas.
- BRAÑA REY, F. (2003). «O patrimonio cultural e a construción das diferencias: sexo/xénero e museos etnográficos». En Consello galgo de museos. *Museos: construíndo a comunidade. VII Coloquio galego de Museos*. A Coruña: Museo do Pobo Galego, 87-101.
- BRAÑA, F.; Mariño, M.; Mouriño, E. (1999). «Trama e urdimbre. Género y gestión patrimonial en Vilar de Santos». En Esther Fernández de Paz (Coord.) *Patrimonio cultural y museología: Significados y contenidos. Actas del VIII Congreso de Antropología*. FAAEE- AGA. Santiago de Santiago de Compostela, 81-88.
- FERNÁNDEZ CERVIÑO, M. X.; LEMA BOUZAS, L., (1997). «La memoria del mar», *Revista Proa a la mar*, Nº 132, 25-26.
- DÍAZ DE RADA, A. e VELASCO MAÍLLO H. (2007). *La lógica de la investigación etnográfica. Un modelo de trabajo para etnógrafos de la escuela*. Madrid: Trota.
- DUCCLOS, J.C. (2003). «Musée, collections, territoire et communauté». En Consello galego de Museos. *VII Coloquio galego de museos. Museos construíndo a comunidade*. A Coruña: Museo do Pobo Galego, 49-60.
- GOETZ, J.P. e LE COMPTE, M.D. (1988). *Etnografía y diseño cualitativo en investigación educativa*. Madrid: Morati.
- HAMMERSLEY, M. e ATKINSON, P. (1994). *Etnografía. Modos de investigación*. Barcelona: Paidós.
- LEÓN, A. (1995). *El Museo. Teoría, praxis y utopía*. Madrid: Cátedra.
- LÓPEZ REDONDO, A. (Coord.) (1993). *Museos de Galicia. Cuadernos de Documentación. Censo de museos de Galicia. Normas para o inventario*. Xunta de Galicia. Consellería de cultural, dirección xeral do patrimonio. Lugo.
- PRATS, Ll. (1997). *Antropología y patrimonio cultural*. Barcelona: Ariel.
- SIERRA RODRÍGUEZ, X.C. (2013). «El museo etnográfico. Su prolongada adaptación a la crisis. Experiencias en Galicia». En Iñaki Arrieta. *Reiventando los museos*. Bilbao: Universidad del País Vasco, 107-147.
- XUNTA DE GALICIA (2005). *Museos de Galicia*. A Coruña: Servizo galego de Museos.
- SERVIZO GALEGO DE MUSEOS. *Museos etnográficos en Galicia*. Recuperado de <http://museos.xunta.gal/es/museos>
- ZUNZUNEGUI, S. (1990). *Metamorfosis de la mirada. El museo como espacio del sentido*. Madrid: Alfar.